Presentación *Memoria de muller*. Pegadas. Agosto 2008

Presentación da "Memoria de Muller"



O Pasado venres 18 de xullo foi a cita na Casa da Cultura onde se presentou o resultado da iniciativa informática "Memoria de Muller" .

Víctor González e Ana Bouzamayor, dinamizadores da Rede de Dinamización da Sociedade da Información, dependente da Consellería de Innovación e Industria, fixeron traballar duro ás alumnas neste proxecto pioneiro que consistiu na elaboración dunha fotomontaxe, para o que aprenderon a utilizar o Escáner, a modificar as súas fotografías, gravar a súa voz, darlle forma e poñerlle música do grupo local Saraibas, todo, utilizando aplicacións en Software Libre (Ubuntu, Gimp, Kdenlive...)

Grazas ao seu traballo e motivación, San Sadurniño, pódese disfrutar de catro vídeos coa historia fotográfica e sonora de catro mulleres con lembranzas que van máis aló da mera anécdota.

Fina Casal, Eva Blanco, María Romero e Consuelo Picos foron as mulleres que participaron na iniciativa presentada polo alcalde Secundino García e a Directora Xeral da Rede de Dinamización da Sociedade da Información.

Os obxectivos desta iniciativa son, dunha banda, procurar o achegamento das mulleres ás Novas Tecnoloxías e á Sociedade da Información dende o Software Libre e mostrarlles a súa utilidade e, doutra, recuperar a súa memoria histórica, persoal, social e cultural a través das imaxes e as historias onde as mulleres son as protagonistas de todo o proceso. Esta iniciativa, que contou coa participación de catro mulleres de entre 55 e 77 anos, remata coa exposición pública dos traballos elaborados por elas mesmas.

A Directora Xeral anunciou outro proxecto para o mes de setembro de memoria dos oficios para o que pediu a colaboración de todos, máis concretamente dos homes ,"tan pouco participativos ata o de agora".

O hrario da aula de informática é de oito e media a tres da tarde.